

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 111**

### **TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER DO CONTADOR DA AUGA**

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de aluguer do contador da auga, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 57 e 20.4 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.**

Está constituído polo aluguer de cada contador de auga instalado.

#### **ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME.**

Tomarase como base de gravame cada unidade.

#### **ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS**

Polo aluguer de cada contador instalado, propiedade do Concello:

Ó trimestre:

Calibre de ata 20 mm:	2,68 €
Calibre superior:	5,41 €

As tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do IVE.

Todos os abonados que dispoñan de contador propiedade do Concello e que queiran eximirse do pagamento desta taxa, poderán adquirir este en propiedade, tras o pagamento da cantidade de 9,42 €. Nas novas instalacións, o Concello non alugará contadores, xa que estes serán por conta do abonado, sen prexuízo da necesaria inspección dos servizos técnicos municipais.

#### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 ó 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes do réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria, así como as normas da Ordenanza fiscal xeral.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 7 de novembro de 2011, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.